

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: O nome do caracol [Tipo 284]*

¿Sabedes por que lle chaman caracol ó caracol?

Unha vez estaban Jesús e San Pedro poñéndolle nome ós animais e entónce todos tenían ya nome menos un bichiño que iba arastrándose, con cornos e todo eso por aí. Iba arastrándose polo suelo e dice San Pedro, dice:

-¡Jesús! -dice-, e a ese ¿cómo lle poñemos, que non ten nome?

E queda Jesús pensando e dice:

-E vai de cara á col -dice-; pois mira, como vai de cara á col, vámoslle chamar caracol.

E salta o caracol; dice:

-¡Je, menos mal que non vou cara a un allo!

*.- Novo tipo, proposto por J. Camarena Laucirica e M. Chevalier: *Catálogo tipológico del cuento folklórico español. Cuentos de animales*, Gredos, Madrid, 1997.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Transcrición da versión oral de Luis NÚÑEZ, Lugo. abril de 1998.